

PREGUNTAS FRECUENTES EN RELACIÓN ÁS REBAIXAS

1.- ¿Cando comenza a tempada de rebaixas de inverno? ¿Cal é a súa duración?

A tempada de rebaixas de inverno **comeza o 7 de xaneiro e remata o 7 abril, tendo unha duración mínima dunha semana e máxima de dous meses.**

En cada establecemento, a persoa comerciante deberá exhibir nun lugar visible ao público, incluso cando permaneza pechado, as datas elixidas para o desenvolvemento das rebaixas.

2.-En tempada de rebaixas ¿admitense devolucións?

En tempada de rebaixas **deben ser admitidas as devolucións polo importe íntegro da correspondente compra**, excepto que a persoa comerciante teña explicitamente anunciado o contrario nun lugar visible da zona de caixa así como no corresponde ticket.

3.- ¿Son canxeables os “vales de compra” en tempadas de rebaixas?

Os vales de compra son un documento acreditativo dunha débeda da persoa comerciante a favor da persoa consumidora e consecuentemente, teñen o mesmo valor que o diñeiro, polo que **deben ser admitidos como medio de pago en tempada de rebaixas.**

A partir do 18 de xaneiro, os vales que emitan as persoas comerciantes non terán caducidade.

4.- ¿Que establecementos poden anunciar con carácter xeral a venda en rebaixas?

Poden anunciar a venda en rebaixas aqueles establecementos comerciais que, cando menos, teñan a metade de todos os seus produtos ofrecidos en rebaixas.

5.- ¿Que condicións deben de cumprir os produtos ofrecidos en rebaixas?

Os produtos ofrecidos en rebaixas deben cumprir as seguintes condicións:

- ✓ **Deben ter as mesmas características e as mesmas condicións que nas épocas de non rebaixas.**
- ✓ **Non poden estar deteriorados ou sufrir calquera desperfecto.**
- ✓ **Non poden ser expresamente adquiridos para as rebaixas, debendo ter sido postos á venda no establecemento comercial, como mínimo, durante o mes anterior ao comezo das rebaixas.**
- ✓ **Os letreiros e as etiquetas dos produtos deben sinalar o prezo anterior xunto co novo prezo, ou, en defecto deste último, a porcentaxe de redución.**

6.- ¿Que medios de pagamento son admisibles en tempada de rebaixas?

En rebaixas son admisibles os mesmos medios de pagamento que en época de non rebaixas.

7.- ¿É obrigado para un establecemento comercial realizar rebaixas?

Non. As rebaixas son unha venta promocional voluntaria para a persoa comerciante.